

# **GUÍA SOBRE O PROCEDIMIENTO DE DEPÓSITO E DEFENSA DO TFG 2020-21 NAS OPORTUNIDADES DE XULLO E SETEMBRO**

**GRAO EN CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN**

28 de maio de 2021

## ÍNDICE

<b>NOTA PRELIMINAR</b>	<b>1</b>
<b>ORIENTACIÓNS PARA O ALUMNADO MATRICULADO NO TFG</b>	<b>2</b>
<b>ORIENTACIÓNS PARA O PROFESORADO</b>	<b>6</b>

## NOTA PRELIMINAR

As seguintes explicacións seguen o procedemento de defensa e avaliación de TFG aprobado pola Comisión de TFG, Prácticas Externas e Mobilidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais o 23 de xaneiro de 2019.

Todo o que se expón a continuación só é aplicable ao procedemento de depósito e defensa do TFG no Grao en Ciencia Política e da Administración.

## ORIENTACIÓNS PARA O ALUMNADO MATRICULADO NO TFG

### 1. QUE OPORTUNIDADES HAI PARA DEFENDER O TFG E CAL É O CALENDARIO?

Todo o alumnado matriculado en TFG dispón de dúas oportunidades de defensa durante cada curso, ofertándose a tal fin tres convocatorias (febreiro, xullo e setembro).

Cómpre lembrar que o calendario de depósito e defensa do TFG no Grao en Ciencia Política e da Administración para as oportunidades que restan deste curso é o seguinte:

	Oportunidade de <b>XULLO</b>	Oportunidade de <b>SETEMBRO</b>
Prazo solicitar o <b>DEPÓSITO</b> do TFG	Do 7 ao 18 de xuño de 2021	Do 21 ao 30 de xullo de 2021
Datas de <b>DEFENSA</b> dos TFG	Do 21 de xuño ao 20 de xullo de 2021	Do 2 ao 17 de setembro de 2021

### 2. COMO SE SOLICITA O DEPÓSITO DO TFG?

O alumno/a debe comunicar ao seu titor/a a súa intención de depositar o TFG nunha determinada oportunidade e a súa preferencia por unha opción de defensa: ante o titor/a ou ante tribunal.

A solicitude de depósito e defensa debe facela cada alumno/a mediante a súa secretaría virtual indicando a opción de defensa desexada.

En calquera das modalidades de defensa debe subirse un arquivo pdf do TFG á secretaría virtual. Na modalidade de defensa ante o titor/a o alumno/a deberá achegar unha copia impresa do traballo ao titor/a. Na modalidade de defensa ante tribunal o alumno/a deberá achegar tres copias impresas do TFG (depositadas na secretaría no decanato).

### 3. PÓDESE DEFENDER O TFG AÍNDA QUE NON SE REMATARAN OUTRAS MATERIAS?

Pódese proceder ao depósito do TFG na secretaría virtual aínda que o alumno/a teña materias pendentes. Sen embargo, para poder defendelo tense que acreditar a superación de todas as restantes materias do Grao.

#### 4. COMO SE SABE A DATA DA DEFENSA?

Na modalidade de defensa de TFG ante o titor/a, a data a fixa o titor/a.

Se se defende ante un tribunal, é o presidente/a do tribunal ao que o traballo foi asignado quen, previa consulta aos membros do tribunal, establece a data e hora de defensa. O tribunal será asignado pola Comisión de TFG xusto tras a finalización do período de depósito e será anunciado na web do centro.

#### 5. COMO SE REALIZA A DEFENSA?

Os TFG requirirán sempre de defensa pública e de xeito presencial. Nos casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión de TFG, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos coas garantías seguintes (establecidas na INSTRUCIÓN 3/2020, DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS FINAIS TELEMÁTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2019-2020):

- en calquera das modalidades de defensa débese usar unha canle virtual (MS Teams);
- nos 15 minutos anteriores ao acto de defensa, os avaliadores (titor/a / todos os membros do tribunal) e o/a estudante deberán conectarse a través de MS Teams;
- o/a estudante deberá amosar o DNI ou pasaporte para acreditar a súa identidade. A continuación poderase incorporar á sesión virtual o público que solicítase participar nela, sen que poida realizar intervencións;
- no caso de que, debido a dificultades técnicas, non se garanta a interacción entre os avaliadores/as membros e o/a estudante, o/a titor/a ou o presidente/a poderá suspender temporalmente a sesión ou adiala;
- a sesión deberá ser gravada polo docente para garantía de identificación e evidencia documental.

Tanto na defensa presencial como na telemática, o/a avaliador/a (titor/a ou tribunal) dirixirá a defensa (tempos, quendas de intervención, aspectos a tratar).

#### 6. QUE NOTA SE PODE OBTER?

No caso de defensa ante o titor/a pódese conceder ao TFG entre 0 e 7 puntos.

Se se defende ante tribunal, pódese obter entre 0 e 10 puntos.

## 7. CANDO SE SABE O RESULTADO?

Tras a defensa, publicarase a cualificación nos taboleiros do centro, a ser posible, no mesmo día da lectura do traballo e quen avalíe (titor/a ou tribunal) comunicará nun prazo de 48 horas como máximo a nota concedida mediante o sistema de SMS (acta de avaliación) e informará, como para calquera outra materia do Grao, das datas nas que se pode solicitar revisión do resultado.

## 8. PÓDESE REVISAR A CUALIFICACIÓN?

A revisión pode ter lugar dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados en unha das dúas datas opcionais que debe fixarse.

No caso de defensa ante tribunal, na revisión deberá estar presente polo menos un dos membros do tribunal.

O alumno/a tamén poderá dirixir mediante correo electrónico ao seu titor/a ou ao presidente/a do tribunal alegacións que serán respondidas polo mesmo medio dentro do período de revisión.

## 9. QUÉ REQUISITOS FORMAIS DEBE REUNIR O TFG?

Os requisitos formais que debe reunir o TFG están descritos no seguinte enlace aos estudos do grao en ciencia política e da administración na USC (apartado **Programa**):

<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-ciencia-politica-administracion/20202021/traballo-grao-12329-11914-2-95859>

## 10. A QUEN SE PODEN CONSULTAR DÚBIDAS SOBRE O TFG?

Ante todo, ao titor/a asignados a cada alumno/a.

Para cuestións de xestión xeral do TFG, ao coordinador de cuarto curso (Prof. Andrés Cernadas Ramos, [andres.cernadas@usc.es](mailto:andres.cernadas@usc.es)) ou ao coordinador do grao (Prof. Celestino García Arias, [celestino.garcia@usc.es](mailto:celestino.garcia@usc.es)).

Para dúbidas de interpretación normativa, á xestora do centro: Ángeles Lorenzo Periscal, [politicas.uaxcd@usc.es](mailto:politicas.uaxcd@usc.es)).

## ORIENTACIÓNS PARA O PROFESORADO

### 1. INFORME SOBRE O TFG

Unha vez que o alumno/a deposite o TFG, o/a titor/a recibirá requirimento para subir o pdf do *Informe do Titor/a* sobre o TFG cuxo modelo está dispoñible na web do centro:

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/politicas/descargas/TFG/Modelo-Informe-do-titor-a-2019-20.pdf>

Con carácter previo á autorización da defensa, o titor/a deberá realizar unha análise automatizada de control da posible vulneración de dereitos de propiedade intelectual, podendo ser denegada a defensa do TFG se como consecuencia desa análise se detectase a vulneración dos citados dereitos.

O informe do titor/a deberá subirse á secretaría virtual do docente (enlace “Xestión TFG/TFM”).

### 2. PROGRAMACIÓN DA DEFENSA

As datas de defensas de TFG para as oportunidades de xullo e setembro deben fixarse nos períodos indicados no calendario:

	Oportunidade de <b>XULLO</b>	Oportunidade de <b>SETEMBRO</b>
Períodos de <b>DEPÓSITO</b>	Do 7 ao 18 de xuño de 2021	Do 21 ao 30 de xullo de 2021
Períodos de <b>DEFENSA</b>	Do 21 de xuño ao 20 de xullo de 2021	Do 2 ao 17 de setembro de 2021

#### 2.1 DEFENSA ANTE TITOR/A

No caso de defensa pública ante o **titor/a**, este/a comunicará mediante correo electrónico ao alumno/a e á secretaría do decanato ([zpoldeca@usc.es](mailto:zpoldeca@usc.es)) a data, hora e lugar elixido para a defensa do TFG cunha anticipación mínima de 2 días hábiles ao fixado para a defensa.

## 2.2 DEFENSA ANTE TRIBUNAL

Unha vez feito o nomeamento de membros de tribunais, o seu presidente/a deberá consensuar cos restantes membros a data/s e horas de inicio e fin das defensas. Esta información deberá comunicarse ao decanato ([zpoldeca@usc.es](mailto:zpoldeca@usc.es)) cun mínimo de 5 días naturais antes da data prevista de defensa. A secretaría do decanato publicará na web do centro esa información.

## 3. ANTES DA DEFENSA

Antes de dar comezo ao acto de defensa, os tribunais ou os titores/as avaliadores deberán cumprimentar o documento *Comunicación dos Criterios de Avaliación do TFG*, seguindo, se se desexa, o peso para cada un dos criterios suxerido pola Comisión de TFG, e comunicarán ao alumnado esa información antes do inicio de cada defensa.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/politicas/descargas/TFG/Modelo-comunicacion-criterios-de-avaliacion-TFG.docx>

Segundo a normativa, é posible que outras persoas presencien o acto virtual no caso excepcional no que teña sido debidamente autorizado pola Comisión de TFG. Para elo, deberán solicitalo con cinco días de antelación á realización do mesmo ante o Decanato ([zpoldeca@usc.es](mailto:zpoldeca@usc.es)), quen informará aos organizadores da sesión en MS Teams (titor/a ou presidente/a do tribunal).

## 4. DESENVOLVEMENTO DA DEFENSA

O acto de defensa será presencial.

Nos casos excepcionais, debidamente autorizados pola Comisión de TFG, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos coas garantías seguintes (establecidas na INSTRUCCIÓN 3/2020, DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS FINAIS TELEMÁTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2019-2020):

Nos 15 minutos anteriores ao acto de defensa, os avaliadores (titor/a / todos os membros do tribunal) e o/a estudante deberán conectarse a través de MS Teams.

O/a estudante deberá amosar o DNI ou pasaporte para acreditar a súa identidade. A continuación poderase incorporar á sesión o público que solicitase participar nela, sen que poida realizar intervencións.

O/a avaliador/a, presentará o acto explicando os criterios de avaliación adoptados e indicará a organización da defensa (tempos de intervención, partes do acto de defensa).



No caso de que, debido a dificultades técnicas, non se garanta a interacción entre os avaliadores/as membros e o/a estudante, o/a titor/a ou o presidente/a poderá suspender temporalmente a sesión ou adiala.

A sesión deberá ser gravada para garantía de identificación e evidencia documental, seguindo as especificacións de uso de MS Teams que se recollen na Guía para a realización das probas finais telemáticas. A gravación manterase ata que remate o curso académico seguinte.

## 5. CUALIFICACIÓN

Na modalidade de defensa ante o titor/a, pódese conceder entre 0 e 7 puntos.

Na modalidade de defensa ante tribunal, pódese conceder entre 0 e 10 puntos.

## 6. REVISIÓN

Para a revisión deben fixarse dúas datas alternativas nos dez días seguintes á publicación dos resultados.

No caso de defensa ante tribunal, na revisión deberá estar presente polo menos un dos membros do tribunal.

O alumno/a tamén poderá dirixir mediante correo electrónico ao seu titor/a ou ao presidente/a do tribunal alegacións que serán respondidas polo mesmo medio dentro do período de revisión.

Do acto de revisión deberase deixar constancia por parte do tribunal, e, se o/a estudante o solicitase, expedirille a xustificación da súa realización.

## 7. ACTA

Os/as avaliadores/as (tribunais ou titores/as), deben cumprimentar o documento *Acta Individual* por cada alumno.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/politicas/descargas/TFG/Modelo-ACTA-individual-de-avaliacion-do-TFG.docx>

Ademais, os/as avaliadores/as deberán introducir a nota e a información sobre as datas de revisión na aplicación de actas (secretaría virtual).

## 8. PECHE DA ACTA E ARQUIVO

Concluído o prazo de revisión, os/as avaliadores/as (**tribunais** ou **titores/as**) deben proceder a pechar a acta.

Os documentos cumprimentados (*Comunicación dos Criterios de Avaliación do TFG e a Acta Individual*) deberán ser arquivados polo titor/a ou polo secretario/a do tribunal durante o tempo esixido para custodiar probas de avaliación que esixe a USC (ata que remate o curso académico seguinte).